




Reclamante: 

Expediente. **RSCTG 75/2022**


ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por 

mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 12 de abril de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 31 de maio de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. 

 presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo do 12 de abril de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante a Presidencia da Xunta, sobre os pagamentos totais realizados con fondos autonómicos, Nacionais e da Unión Europa tramitados a través da Xunta de Galicia ás auxiliares cuxa actividade esta centrada na matriz Hijos de J Barreiras S.A. e PEMEX, créditos avalados pola Xunta de Galicia en entidades bancarias ou adxudicacións ou calquera outro tipo de pagamentos.

O reclamante presenta a súa reclamación contra a falla de contestación dentro do prazo que establece a normativa que lle é de aplicación.

Segundo. Con data do 19 de abril de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Presidencia da Xunta de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 21 de abril de 2022.

Terceiro. Con data do 28 de abril de 2022, a Presidencia da Xunta de Galicia contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que con data do 4 de febreiro de 2022 o interesado presentou a solicitude de acceso á información e con data do 2 de marzo de 2022, dentro do prazo establecido ao efecto, resolveuse e notificouse a súa inadmisión.

Con data do 12 de abril de 2022 o interesado presentou solicitude de certificación de silencio administrativo en relación coa súa solicitude de acceso á información que non procedeu emitir dado que non existe tal silencio administrativo, toda vez que consta no expediente a recepción pola súa parte da Resolución de inadmisión de 2 de marzo de 2022, que foi obxecto de reclamación por parte do interesado ante a Comisión de Transparencia e que se tramita como expediente [REDACTED]

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 75 da Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 75.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 7 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

A [REDACTED] reclamante solicitou da Presidencia da Xunta de Galicia información sobre os pagamentos totais realizados ás auxiliares de dúas empresas navieiras créditos avalados pola Xunta de Galicia en entidades bancarias ou adxudicacións ou calquera outro tipo de pagamentos e ante o que considerou falla de contestación, presentou reclamación ante esta Comisión.

De acordo co informe remitido pola Secretaría Xeral e a copia do expediente remitido, a Consellería ditou resolución expresa dentro do prazo que o artigo 27.4 da Lei 1/2016 establece, notificándoa ao interesado, polo que o silencio administrativo non se produciu, polo que procede a súa inadmisión de conformidade co disposto no artigo 116.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por tratarse dun acto non susceptible de recurso, ao non terse producido o silencio administrativo contra o que recorre.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED]

[REDACTED] con data do 12 de abril de 2022, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante a Presidencia da Xunta, sobre os pagamentos totais realizados con fondos autonómicos, Nacionais e da Unión Europa tramitados a través da Xunta de Galicia ás auxiliares de dúas empresas navieiras, créditos avalados pola Xunta de Galicia en entidades bancarias ou adxudicacións ou calquera outro tipo de pagamentos

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2022.06.08 11:51:43 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.